



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 14/2.017

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE ORDES, A CORUÑA, O DIA DOCE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a doce de abril de dous mil dezasete.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, reúnese en sesión extraordinaria en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros:

- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.

Non asiste:

- D^a. ANA M^a SONEIRA LIÑARES.

Asiste o Sr. Secretario do Concello D. Juan Luis González Iglesias, que da fe do acto.

Aberta a sesión e declarada non pública pola Presidencia ás quince horas previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar ós demais membros da Xunta de Goberno Local se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, celebrada o día 7 de abril do ano en curso, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo elo ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Non producíndose ningunha observación, a acta da sesión ordinaria, de data 7 de abril de 2.017, foi aprobada por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros desta Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO: UTILIZACIÓN DE BENS DE DOMINIO PÚBLICO.

Escrito presentado por **J.M.C.V.**, con DNI nº 00000000, con domicilio a efectos de notificacións en XXXXX, de licenza de pasaxe permanente de entrada e saída de vehículos en rúa Galicia, 16, baixo, Ordes.

Visto o disposto nos arts. 75.2 e 3 e 77 do R.D. 1372/1986, de 13 de xullo.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Visto o informe emitido pola policía municipal.

A utilización da beirarrúa para o paso de vehículos, máis ou menos habitual, así como a prohibición de parada e estacionamento de vehículos, enténdese como unha tolerancia esencialmente revogable por esta entidade local en calquera momento, sen que exista dereito a indemnización.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Conceder a **J.M.C.V.**, con DNI nº 00000000, con efectos de 01/04/2017, licenza de pasaxe permanente de entrada e saída de vehículos de 3 m de longo, con capacidade para **cinco** vehículo en Galicia, 16, baixo, Ordes, reserva na que estará prohibida a parada e estacionamento de vehículos, así como a realización de obras ou sinalizacións respecto do mesmo sen a preceptiva autorización municipal.

2º.- Dita licenza concédese agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

3º.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor as taxas e dereitos que corresponde satisfacer pola licenza outorgada, das que o ingreso nas arcas municipais será requisito imprescindible para a efectividade da licenza que se concede.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13/01/2017, de concesión a **LOCURAS TENDAS, S.L.**, con CIF nº 00000000, de dúas reserva de espazo para aparcamento exclusivo de 6 ml en rúa Compostela, 14 e 24, baixo, Ordes, nº 0422/17 e nº 0423/17.

Visto que pola interesada non se procedeu a facer efectiva o pago das taxas que corresponde satisfacer polas licenzas outorgadas, requisito previo para a efectividade da autorización de uso do dominio público municipal concedida.

Visto que pola interesada dende a dada de concesión non se ten producido a utilización privativa do dominio público local para aparcamento exclusivo ou carga e descarga de mercancía.

Visto o disposto no art. 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aceptar a renuncia ás reservas de espazo para aparcamento exclusivo de 6 ml en rúa Compostela, 14 e 24, baixo, Ordes, nº 0422/17 e nº 0423/17, concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13/01/2017.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

PUNTO TERCEIRO: COMUNICACIÓNS PREVIAS, LICENZAS URBANÍSTICAS.

Expediente instruído a instancia de **CERNADAS Y VÁZQUEZ, S.L.**, con CIF nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de obras de reforma de local destinado a actividade existente: “**PLATÓ DE TELEVISIÓN**”, en rúa do Muíño, 30-32, baixo, Ordes (finca catastral 8299131NH4689N0001UW), segundo proxecto técnico de actividade e obras asinado por José Ramón Díaz Barbeiro, arquitecto, cun orzamento de execución material de **32.567,21 euros (Expdte. 3680/2.016 – SIGEM 2.016/U022/000048 - 42/2.017 – SIGEM 2.017/U019/000005)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e comprobación da adecuación da actividade á lexislación medioambiental e urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- A actividade: “**PLATÓ DE TELEVISIÓN**”, cumpre os requisitos para o seu exercicio.

II.- Deberán observarse as seguintes medidas correctoras e protectoras para acadar unha maior protección do medio ambiente:

- As relativas á protección contra incendios, á protección contra a contaminación acústica e á instalación eléctrica.
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da actividade deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

III.- O acto de uso do solo: **obras de acondicionamento de local para instalación e posta en funcionamento de actividade: Plató de Televisión**, adecúase ao ordenamento urbanístico aplicable, podendo iniciarse as obras.

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogarse pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.
- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezalas o continuálas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa

IV.- **Ao ter finalizada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade xunto co certificado final de obra asinado por técnico competente.**



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

V.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

VI.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **A.I.F.O.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de obras de acondicionamento de local para instalación de actividade profesional e posta en funcionamento de establecemento: **“AUTOSERVIZO DE LAVANDERIA”**, en rúa da Feira, 33, baixo, porta 6, Ordes (finca catastral 7998905NH4689N0006QU), segundo proxecto técnico de actividade e obras asinado por Mercedes Muñoz Jaureguiualzo, arquitecto, cun orzamento de execución material de **6.300,00 euros (Expdte. 67/2.017 – SIGEM 2.017/U027/000005 - 68/2.017 – SIGEM 2.017/U019/000010)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e comprobación da adecuación da actividade á lexislación medioambiental e urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

I.- A actividade comercial: **“AUTOSERVIZO DE LAVANDERÍA”**, cumpre os requisitos para o seu exercicio.

II.- Deberán observarse as seguintes medidas correctoras e protectoras para acadar unha maior protección do medio ambiente:

- As relativas á protección contra incendios, á protección contra a contaminación acústica e á instalación eléctrica.
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da actividade deberán ser entregados a xestores autorizados e inscritos no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

III.- O acto de uso do solo: **obras de acondicionamento de local para instalación e posta en funcionamento de actividade profesional**, adecúase ao ordenamento urbanístico aplicable, podendo iniciarse as obras.

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogarse pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezasas o continúaalas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa.

IV.- Ao ter finalizada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade xunto co certificado final de obra asinado por técnico competente.

V.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.

VI.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Expediente instruído a instancia de **M.G.R.**, con DNI nº 00000000, con enderezo a efectos de notificacións en XXXXX, de comunicación previa de inicio en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), de obras de conservación: **reposición de cuberta de edificación auxiliar existente (B)**, en rúa Boavista, 20, Ordes (finca catastral 7794589NH4679N0001PZ), segundo memoria valorada redactada por Manuel A. Echeverría Ulargu, arquitecto, cun orzamento de execución material de **euros 4.600,00 (Expdte. 95/2.017 – SIGEM 2.017/U026/000036)**.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal de verificación da comunicación previa e da adecuación das obras á lexislación urbanística aplicable.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros da mesma, adoptou o seguinte acordo:

I.- O acto de uso do solo: obras de conservación: **reposición de cuberta de edificación auxiliar existente (B)**, adecúase ao ordenamento urbanístico vixente aplicable, podendo iniciarse as obras.

Condições urbanísticas:

- O prazo para o inicio e final das obras non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente. Os prazos indicados poderán prorrogase pola metade do prazo establecido anteriormente se o interesado o comunica antes de ter transcorrido os referidos prazos.
- Transcorridos os prazos indicados anteriormente para iniciar ou finalizar as obras, sen que teñan sido iniciadas ou finalizadas, o interesado queda inhabilitado para empezasas o continúaalas, quedando a comunicación previa sen efecto.
- Ao pe das obras deberá figurar copia selada da comunicación previa.

II.- Previamente deberán liquidarse polo Sr. Interventor o ICIO que corresponde satisfacer polo acto do uso do solo comunicado.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

III.- Notifíquese o presente acordo á interesada, así como os recursos que poidan interpoñer contra este.

Solicitud presentada por **T.C.M.**, con DNI nº 00000000, con domicilio en rúa Alfredo Vicenti, 17, 8º A, A Coruña, de autorización de segregación en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), da pranta primeira piso dun edificio de vivendas (145,50 m²), en rúa do Recreo, 7, 1º, Ordes (finca rexistral 8448, tomo 304, libro 68, folio 76, alta 1), segundo proxecto técnico redactado por Santiago Boo Moar, arquitecto técnico (**Expdte. 97/2.017 – 2.017/U018/000005**).

Vista a certificación de medición das superficie da finca matriz obxecto de segregación, de data 30/03/2017, expedida por Santiago Boo Moar, arquitecto técnico.

Visto que a finca matriz obxecto de segregación a efectos catastrais figura xa como dúas fincas catastrais distintas, finca catastral 8195613NH4689N0005EY e finca catastral 8195613NH4689N0004WT.

Visto o informe favorable emitido polo técnico municipal pola conformidade da segregación coa la xislación aplicable e a ordenación territorial e urbanística.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local en uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal de membros do mesmo, adoptou o seguinte acordo:

Autorizar a segregación en solo urbano (solo urbano residencial de edificación entre medianeiras, URME), da pranta primeira piso dun edificio de vivendas (145,50 m²), en rúa do Recreo, 7, 1º, Ordes (finca rexistral 8448, tomo 304, libro 68, folio 76, alta 1), segundo proxecto técnico redactado por Santiago Boo Moar, arquitecto técnico (**Expdte. 336/2.016 – 2.016/U018/000010**).

PUNTO CUARTO: EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, DAS OBRAS “MELLORA DO APARCADOIRO NO TANATORIO MUNICIPAL”, CORRESPONDENTES A O PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016.

Celebrada a licitación para a adxudicación, por procedemento negociado, sen publicidade, das obras **MELLORA DO APARCADOIRO NO TANATORIO MUNICIPAL**”, **CORRESPONDENTES A O PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016**.

Visto que as ofertas presentadas polas empresas **CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. e CONSTRUCCIONES PROYCOGA, S.A.**, non poden ser obxecto de valoración, ao non presentar no prazo concedido ao efecto, e de conformidade co establecido na cláusula 15ª.4.2 do prego de cláusulas administrativas, unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada, debendo entenderse que se retiraron da negociación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Visto que a oferta presentada por **SYR-AMG, S.L.**, como consecuencia da xustificación insuficiente da valoración da oferta, da precisión das condicións da mesma, non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíndoa da clasificación.

Visto a orde de clasificación das ofertas e proposta de adxudicación.

LICITADOR	A) Programa de traballo	B) Actuación ambiental	C) Plan de control de calidade	D) Esquema do Plan de Seguridade e Saúde	E.1) Porcentaxe de control interno de calidade	E.2) Porcentaxe de control externo de calidade	F) Redución do prazo de execución	G) Oferta económica	TOTAL
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	25,00	21,00	7,00	10,00	1,00	9,00	10,00	10,00	93,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L.	25,00	21,00	7,00	10,00	0,60	9,00	9,26	7,69	89,55
EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.	25,00	21,00	7,00	10,00	0,75	9,00	8,92	5,34	87,01
GESTAL Y LOPEZ, S.L.	25,00	21,00	7,00	10,00	0,90	9,00	7,74	2,44	83,08
CANARGA CONSTRUCCIONES, S.L.	20,00	21,00	7,00	10,00	0,15	9,00	7,74	4,07	78,96
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	20,00	10,00	7,00	10,00	0,25	9,00	4,37	4,27	64,89

Visto que a persoa licitadora que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa presentou a documentación indicada na cláusula 16ª.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Visto o disposto na cláusula 16ª.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Adxudicar o contrato das obras **MELLORA DO APARCADOIRO NO TANATORIO MUNICIPAL**, **CORRESPONDENTES A O PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016**, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa atendendo aos criterios de adxudicación fixados na cláusula 15ª.2 do prego de cláusulas administrativas particulares:

Adxudicatario	Prezo do contrato
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L., CIF nº B15608193	123.420,00 € [102.000,00 € (prezo) + 21.420,00 (ive)]



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

2º.- Notificar ao adxudicatario o presente acordo, e a súa vez, requirirille para que no prazo de quince días seguintes ó da notificación concorra a formalizar o contrato en documento administrativo.

3º.- Nomear como técnico director das obras a D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.

PUNTO QUINTO: CONCESIÓN, SE PROCEDE, PRÓRROGA PRAZO EXECUCIÓN OBRAS “BEIRARRÚAS NA SALGUEIRA DO MEDIO (ARDEMIL)”.

Solicitud presentada por **EXCAVACIONES OBRAS Y MARCOS, S.L.**, con CIF nº B B70093539, contratista adxudicatario das obras: **BEIRARRÚAS NA SALGUEIRA DO MEDIO (ARDEMIL)**, de concesión dunha prórroga dun mes do prazo de execución do contrato como consecuencia de inclemencias metereolóxicas que impediron a realización dos traballos.

Visto o disposto na cláusula 5ª do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.

Visto o disposto no art. 213.2 do R.D. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Visto que o prazo de execución do contrato é de sesenta e un días a contar dende o día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación do replanteo.

Visto o informe favorable do director das obras.

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Conceder a **EXCAVACIONES OBRAS Y MARCOS, S.L.**, con CIF nº B B70093539, contratista adxudicatario das obras: **BEIRARRÚAS NA SALGUEIRA DO MEDIO (ARDEMIL)**, unha prórroga de UN MES do prazo de execución do contrato, ata o 23/04/2017.

PUNTO SEXTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, CERTIFICACIÓN DE OBRAS.

Dada conta polo Sr. Alcalde da presentación polo contratista adxudicatario das obras ó obxecto da súa aprobación por este Concello, da certificación nº 1 das obras **“HUMANIZACIÓN RÚA ALFONSO SENRA (CRUCE RÚA DOS LAGARTOS-CRUCE RÚA MEDIDODÍA)”**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2.015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar a certificación nº 1 das obras **“HUMANIZACIÓN RÚA ALFONSO SENRA (CRUCE RÚA DOS LAGARTOS-CRUCE RÚA MEDIDODÍA)”**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS SESENTA E UN MIL OITOCENTOS SETE CON SESENTA E DOUS (61.807,62)**.

2º.- Aprobar a factura nº 03.013-17, de data 31/03/2017, expedida por **EXCAVACIONES Y OBRAS CANDAL, S.L.**, con CIF nº B15496219, en concepto de certificación nº 1 das obras **“HUMANIZACIÓN RÚA ALFONSO SENRA (CRUCE RÚA DOS LAGARTOS-CRUCE RÚA MEDIDODÍA)”**, expedida polo director das obras D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de camiños, c. e p, por importe de **EUROS SESENTA E UN MIL OITOCENTOS SETE CON SESENTA E DOUS (61.807,62)**.

PUNTO SÉTIMO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, FACTURAS.

Polo Sr. Alcalde dáse conta da relación de facturas e pagos seguintes:

Nome	Terceiro	Nº de Documento	Texto Explicativo	Data Dto.	Importe Total
JUAN RAMON SALGUEIRO AGUIRRE		2 17F	SERVIZO CLASES DE MUSICA, DECEMBRO A FEBREIRO	03/03/2017	2.242,50
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		236	SUBMINISTRO TRIPTICOS 4/4 TINTAS E 2 LONAS "EU MERCO EN ORDES"	21/03/2017	1.476,20
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		237	SUBMINSTRO CARTEIS COLOR E OUTRO MATERIAL CABALGATA DE REIS	21/03/2017	473,11
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		238	SUBMINISTRO DIPTICOS, CARTEIS E OUTROS FESTA DO LACON CON GRELOS	21/03/2017	804,65
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		239	SUBMINSTRO FOLLETOS, CARTEIS E OUTROS FEIRA DE OPORTUNIDADES	21/03/2017	412,01
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		240	SUBMINISTRO DIPTICOS E CARTEIS PARA ENTROIDO	21/03/2017	641,30
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		241	SUBMINISTRO MATERIAL DE PAPELERIA	21/03/2017	19,36
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		242	SUBMINISTRO TARXETAS BIBLIOTECA	21/03/2017	42,35
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		243	SUBMINISTRO DE TALONARIOS COBROS E APARCAMENTO ORA	21/03/2017	248,05
ARTES GRAFICAS ALPI, S.L.		244	SUBMINISTRO DIPTICOS 4/4 TINTAS, PLASTIFICADOS E OUTROS	21/03/2017	668,69



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

ANA MARIA LOPEZ SANCHEZ		9/17	SUBMINISTRO BOLSAS DE GOLOSINAS E SNACK	22/03/2017	374,00
COMERCIAL VIQUEIRA,S.L.		A 224	SUBMINISTRO MATERIAL DE CARPINTERIA	21/03/2017	2.423,51
OFINOLTA, S.L.		20170363	SERVIZO MANTEMENTO COPIADORAS COLOR 1º TRIMESTRE	30/03/2017	902,25
OFINOLTA, S.L.		20170362	SERVIZO MANTEMENTO COPIADORAS	30/03/2017	402,29
ESPINA Y DELFIN, S.L.		OR 4976	ENTRONQUE EN REDE DE ABASTECIMENTO O CURRO	30/03/2017	998,14
ESPINA Y DELFIN, S.L.		OR 4977	REXISTRO DE SANEAMENTO NA BREA	30/03/2017	713,86
MANUEL OTERO PAYNO		217 8	SERVIZO CLASES ESCOLA DE MUSICA ORDES / CLASES ESCOLA DE MUSICA ORDES	30/03/2017	705,00
MARTIÑO DOMINGUEZ MATO		317 4	SERVIZO CLASES ESCOLA DE MUSICA ORDES	31/03/2017	867,00
MARIA JOSE FRANQUEIRA		34	SUBMINSTRO LAMBETADAS	20/03/2017	85,00
TRANSPORTES MARCOS 2015, S.L.		C2	SERVIZOS TRANSPORTE DE GANDO FEIRA LACON	24/03/2017	810,70
NATALIA NAYA MOSQUERA		2	SERVIZO CLASES DE PATINAXE FASE 1, 2 E 3	26/03/2017	3.228,28
PULPERIA VERDE GALICIA, S.L.		22224	SERVIZO COMIDAS	31/01/2017	104,80
PROBISA PRODUCTOS BITUMINOSOS, S.L.U.		5626201768000192	SUBMINISTRO MEZCLA BITUMINOSA EN FRIO SILICEA FINA	24/03/2017	157,91

Tras unha pequena deliberación, a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións delegadas polo Sr. Alcalde mediante Decreto de data 7 de xullo de 2015, por maioría de catro votos a favor, sendo cinco o número legal dos seus membros, aprobou a relación de facturas presentadas, ordenándose o seu pago pola Tesourería municipal.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as quince horas e trinta minutos do día ó principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta da que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO